TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante un tempo máximo de dúas horas. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral.

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
6. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
7. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de persoal funcionario. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do persoal funcionario.
8. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos da persoa. Igualdade. Principios reitores.

Parte específica.

Primeira parte:

1. A importancia do sono na saúde das e dos menores e no rendemento escolar. Relación entre alimentación e sono en menores. Intervención socioeducativa.
2. Instrumentos para a observación e recollida de datos. A entrevista: metodoloxía, tipos e obxectivos.
3. Normativa sobre a responsabilidade penal de menores. Medidas susceptibles de ser impostas a menores infractoras e infractores e medidas alternativas ao internamento. Intervención socioeducativa con menores en conflito coa lei penal.
4. Acoso entre menores. Medidas de prevención. Detección das situacións. Medidas de actuación nun centro de menores.
5. Medidas preventivas e de hixiene do sono, segundo a idade das e dos menores. Causas e efectos da privación do sono en menores.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

6. O papel do persoal técnico educativo nos órganos de coordinación internos dos centros de acollemento. Funcións deste persoal e características do traballo colaborativo desenvolvido nos órganos internos e con outros perfís profesionais.
7. As/Os menores como suxeitos de dereitos e deberes nos centros de protección. Lexislación correspondente ao exercicio de dereitos e deberes de menores nos ámbitos internacional, estatal e autonómico.
8. Problemas relacionados co control de esfínteres en menores. A enurese e a encoprese nocturnas en menores. Causas. Consecuencias. Medidas de intervención.
9. Os centros de menores na Comunidade Autónoma de Galicia. Lexislación.
10. Documentos de planificación e organización nun centro de menores: Proxecto educativo de Centro e Regulamento de réxime interior. Obxectivos e finalidade. Descrición dos elementos estruturais da súa conformación.
11. Documentos de aplicación nun centro de menores: protocolo de ingreso e acollida, protocolo de elaboración e seguimento do proxecto educativo individualizado (PEI) e protocolo de saída.
12. Os trastornos do sono na infancia e na adolescencia (I): pesadelos e terrores nocturnos. Concepto. Causas. Consecuencias. Medidas de intervención.
13. O persoal técnico educativo e a súa intervención en contextos multiculturais. Intervención con minorías étnicas, especialmente coa poboación xitana. Plans e instrumentos legais.
14. Os trastornos do sono na infancia e na adolescencia (II): insomnio e somnambulismo. Conceptos. Causas. Consecuencias. Medidas de intervención.
15. Actuacións ante unha emerxencia nocturna (I): trastornos gastrointestinais (vómitos, cólicos e regurxitacións). Medidas de intervención.
16. O persoal técnico educativo e a súa intervención en contextos multiculturais. Intervención con MENA. Perfil deste tipo de menores. Dificultades de inserción sociolaboral: causas e expectativas.

Segunda parte:

17. Maltrato infantil. Tipoloxía. Factores de risco. Detección. Intervención e actuacións administrativas.
18. Principais instrumentos xurídicos de protección á infancia e á adolescencia. Situacións de desprotección e medidas protectoras que se poden adoptar, segundo os casos.
19. Actuacións ante unha emerxencia nocturna (II): atención e coidado nos procesos febrís, nas convulsións e nas hemorraxias nasais de menores.
20. Actuacións ante unha emerxencia nocturna (III): atención e coidado nos procesos respiratorios (asma) e de ansiedade en menores.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

21. Problemas de saúde relacionados coa adolescencia: alcohol e outras substancias. Actuacións.
22. Actuacións do persoal técnico de educación nocturna ante ingresos de emerxencia.
23. Actuacións do persoal técnico de educación nocturna ante casos de saídas non autorizadas de menores. Protocolo de actuacións.
24. Marco legal dos servizos sociais a nivel autonómico e local. A Lei de servizos sociais de Galicia (Lei 3/2008, de 3 de decembro).
25. Actuacións do persoal técnico de educación nocturna ante problemas de orde ou alteración de condutas. Manexo de habilidades e comunicación para a resolución de conflitos con menores e entre menores.
26. Normativa reguladora en Galicia en materia de familia, infancia e adolescencia. Principios básicos.
27. Maltrato e abuso sexual a menores. Protocolo de actuación e intervención socioeducativa. Consecuencias do abuso.
28. O papel do persoal técnico educativo nocturno na intervención con menores con dificultades asociadas a discapacidades: motoras, sensoriais e cognitivas. Creación de hábitos de autonomía e recursos utilizables para o seu logro.
29. Obrigas das entidades prestadoras de servizos sociais. Órganos de control e supervisión. Lexislación reguladora.
30. A organización e o funcionamento dun centro de acollemento. Órganos internos (unipersoais e pluripersoais). Documentos programáticos e de avaliación do centro: Programación anual e Memoria anual.
31. A marxinación social e a inadadaptación social. Conceptos. Clasificación. Causas. Colectivos máis afectados.
32. Programa de atención residencial a menores. Características. Elementos básicos da atención residencial: a interacción e a comunicación coas e cos menores. Áreas da atención residencial: obxectivos e método de intervención.

VIII. Unha praza de programador/a de xestión de expedientes, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de programador/a de xestión de expedientes, integrada no subgrupo C1 da escala de Administración especial, subescala técnica, clase auxiliar e dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de bacharelato, técnico ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito dous temas, que serán extraídos ao chou polo tribunal, un de cada unha das partes específicas do programa, no tempo máximo de dúas horas. Posteriormente, serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante un tempo máximo de dúas horas. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral.

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
6. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
7. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de persoal funcionario. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do persoal funcionario.
8. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos da persoa. Igualdade. Principios reitores.

Materias específicas:

Primeira parte:

1. Informática básica. Conceptos de datos e información. Concepto de sistema de información. Elementos constitutivos dun sistema. Arquitectura de ordenadores.
2. Periféricos. Conectividade e administración. Elementos de impresión. Elementos de almacenamento. Elementos de visualización e dixitalización. OCR.
3. Sistemas operativos. Características, elementos constitutivos e funcións principais. Sistemas Windows. Sistemas Linux.
4. Redes de computadores. LAN, MAN y WAN. Redes públicas e privadas. Tipoloxía. Compoñentes de rede. Métodos de acceso. Dispositivos e interconexión.
5. Administración das redes de área local. Xestión das persoas usuarias. Xestión de dispositivos. Monitorización e control da rede e dos seus servizos. Protocolos.
6. Modelo de rede en capas. Modelo de rede OSI. Modelo de rede TCP/IP
7. Internet: Arquitectura de rede. Orixe, evolución e estado actual. Servizos: correo electrónico, WWW, FTP, Telnet e outros. Protocolos HTTP e HTTPS, SSL e TLS.
8. Software de código aberto. Software libre. Conceptos base. Aplicacións na contorna ofimática e servidores web.
9. Linguaxes de marca ou etiqueta. Características e funcionalidades. SGML, HTML, XML e as súas derivacións.
10. Linguaxes de programación. Representación de tipos de datos. Operadores. Instrucións condicionais. Bucles e recursividade. Procedementos, funcións e parámetros. Vectores e rexistros. Estrutura dun programa.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

11. Deseño e programación orientada a obxectos. Elementos e compoñentes software: obxectos, clases, herdanza, métodos, sobrecarga. Vantaxes e inconvenientes. Padróns de deseño e linguaxe de modelado unificado (UML).
12. Aplicacións Web. Características, vantaxes e inconvenientes. Arquitectura en 3 capas. Servidores web e servidores de aplicacións.
13. Comunicación entre aplicacións web. Mecanismos de comunicación síncronos e asíncronos. Interfaces de programación de aplicacións (API). SOAP y REST.
14. Contorna de desenvolvemento JAVA. Características e sintaxe.
15. Sistemas de xestión de bases de datos relacionales. Características e compoñentes.
16. Deseño de bases de datos. Deseño lóxico e físico. O modelo lóxico relacional. Normalización.

Segunda parte:

17. Linguaxes de consulta de base de datos. Estándar ANSI/SQL
18. Xestión documental. Interface CMIS. Xestores documentais de código aberto.
19. Seguridade informática. Conceptos de seguridade. Virus e software malicioso. Medios preventivos e reactivos. Métodos e sistemas de protección.
20. Criptografía. Criptografía simétrica e asimétrica. Tipos de algoritmos. Vantaxes e desvantaxes de cada unha. A función hash.
21. O certificado dixital e a sinatura electrónica. Tipos e usos de certificados. Ferramentas de sinatura electrónica. Recoñecemento e validación de sinaturas.
22. A representación da Administración na rede. O portal institucional e a sede electrónica. O Punto de Acceso Xeral e a carpeta cidadá. A interoperabilidade. O centro de transferencia de tecnoloxía (CTT)
23. A identificación electrónica. Sistemas de identificación electrónica válidos. Sistemas alternativos a identificación electrónica con certificado electrónico: Cl@ve, CHAVE365.
24. O rexistro electrónico. As oficinas de asistencia en materia de rexistro: características e funcións. O Rexistro Electrónico Xeral da Administración Xeral do Estado. O Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR). A Norma SICRES. GEISER, ORVE e Aires-SIR.
25. O documento, expediente e arquivo electrónico. Normas técnicas de interoperabilidade asociadas. InSide, G-InSide e Archive.
26. A notificación electrónica. Notific@, DEH, DEHú, Notifica.gal, DEV.
27. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións Públicas: disposicións xerais sobre o procedemento administrativo. As fases do procedemento administrativo. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

28. Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público: a utilización de medios electrónicos nas relacións das administracións públicas. O funcionamento electrónico do sector público.
29. A intermediación de datos. O acceso os datos segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A plataforma de intermediación de datos. Pasaxe. O Centro de Interoperabilidade Semántica (CISE).
30. O Esquema Nacional de Seguridade: obxectivos e normativa de aplicación. Principios básicos. Requisitos mínimos.
31. O Esquema Nacional de Interoperabilidade. Obxecto e normativa de aplicación. Principios básicos. Interoperabilidade organizativa, semántica e técnica. Infraestruturas e servizos comúns. Comunicacions das administracións públicas.
32. Regulamento xeral de protección de datos (RXPd) e Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Características e aplicación.

IX. Unha praza de técnico/a informático de xestión, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de técnico/a informático de xestión, integrada no subgrupo C1 da escala de Administración especial, subescala técnica, clase auxiliar e dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de bacharelato, técnico ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito dous temas, que serán extraídos ao chou polo tribunal, un de cada unha das partes específicas do programa, no tempo máximo de dúas horas. Posteriormente, serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante un tempo máximo de dúas horas. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral.

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
6. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
7. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de persoal funcionario. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do persoal funcionario.
8. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos da persoa. Igualdade. Principios reitores.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

Parte específica.

Primeira parte

1. Informática básica. Conceptos de datos e información. Concepto de sistema de información. Elementos constitutivos dun sistema. Arquitectura de ordenadores.
2. Periféricos. Conectividad e administración. Elementos de impresión. Elementos de almacenamento. Elementos de visualización e dixitalización.
3. Sistemas de virtualización de hardware. Fundamentos e beneficios. Hipervisores.
4. Redes sen fíos, protocolos, características funcionais e técnicas. Modos de operación. Seguridade e normativa reguladora.
5. Modelo de rede en capas. Modelo de rede OSI. Modelo de rede TCP/IP.
6. Arquitectura cliente/servidor. Modelo de 2 capas. Modelo de 3 capas. Componentes e operación. Arquitectura de servizos web.
7. Seguridade e protección en redes de comunicacións. Sistemas de cortalumes. Redes privadas virtuais (VPN). Seguridade no posto da persoa usuaria.
8. Internet: arquitectura de rede. Orixe, evolución e estado actual. Servizos: correo electrónico, WWW, FTP, Telnet e outros. Protocolos HTTP e HTTPS, SSL e TLS.
9. Servizos da Internet, servidores Web, servidores de aplicacións, contedores de aplicacións, software de servidor, configuración, xestión e administración.
10. Estratexias de almacenamento para grandes volumes de datos. Tecnoloxía Fibre Channel, SAN, NAS, arquitectura Scale Out.
11. Linguaxes de consulta de bases de datos. Estándar ANSI/SQL.
12. Administración das bases de datos e dos seus servidores. Funcións e responsabilidades.
13. Deseño de bases de datos. Deseño lóxico e físico. O modelo lóxico relacional. Normalización.
14. Sistemas operativos (Linux e Windows). Definición e obxectivo. Clasificación, estrutura e funcións principais. Administración, servizos e sistemas de ficheiros.
15. Arquitecturas informáticas de altas prestacións, concepto, tipos de arquitectura, alta dispoñibilidade e sistemas distribuídos.
16. LDAP. Orixe e influencias. Uso. Implementacións. Active Directory.

Segunda parte

17. Servidores de correo. Funcionamento. MTA. Relays.
18. Servizos na nube.
19. Copia de seguridade. Elección, acceso e manipulación, administración do proceso.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

20. Software de código aberto. Software libre. Conceptos base. Aplicacións contorno ofimático e servidores Web.
21. Principais estándares e metodoloxías de xestión de proxectos e servizos. Itil. Xestión do cambio
22. Aplicacións Web. Tecnoloxías de programación. Javascript, Applets, Servlets, Servizos Web. Linguaxes de descrición de datos: HTML e XML e as súas derivacións. Navegadores e linguaxes de programación Web. Linguaxes de Script.
23. Contorna de desenvolvemento JAVA. Características, sintaxe. Tipos de datos. Estrutura de control. Clases, herdanza e interfaces, excepcións.
24. Virus e software malicioso. Tipos. Medios preventivos e reactivos. Sistemas de antivirus e de protección.
25. Criptografía. Clave asimétrica. Clave simétrica. Certificados dixitais, firma electrónica. Sistemas KDC.
26. Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPD) e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Características e aplicación.
27. Esquema Nacional de Seguridade (ENS) e Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI), adecuación e cumprimento, instrumentos.
28. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Disposicións xerais sobre o procedemento administrativo: As fases do procedemento administrativo. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común.
29. Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público: a utilización de medios electrónicos nas relacións das administracións públicas. O funcionamento electrónico do sector público.
30. Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos: Portais da internet, Punto de Acceso Xeral electrónico e sedes electrónicas. Procedemento administrativo por medios electrónicos. Expediente administrativo electrónico.
31. Sistemas transversais. A rede SARA. O Directorio Común de Unidades Orgánicas e Oficinas (DIR3). O Sistema de Información Administrativa (SIA). Sistemas de representación e apoderamentos. Represent@, @podera e Habilit@. O Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (FACE).
32. A intermediación de datos. O acceso a os datos segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A plataforma de intermediación de datos. Pasaxe. O Centro de Interoperabilidade Semántica (CISE).



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

X. Unha praza de oficial/a condutor maquinista, quenda libre.*PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS*

Convócase unha praza de oficial/a condutor/a maquinista, integrada no grupo C1 da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, e dotada coa retribución básica correspondente ao seu grupo de titulación e as complementarias asignada ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír o título de bacharelato, técnico ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- b) Estar en posesión dos permisos de conducir B, C1, C, D1, D y BE.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica de condución de calquera vehículo ou maquinaria de obras públicas no tempo que marque o tribunal.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 60 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ás materias contidas no programa. O tempo de realización deste exercicio será de 60 minutos.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito dous temas, que serán extraídos ao chou polo tribunal, un de cada unha das partes específicas do programa, no tempo máximo de dúas horas. Posteriormente, serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA (A NORMATIVA DE REFERENCIA SERÁ A VIXENTE NA DATA DE PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO BOPPO)

Materias xerais:

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
6. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
7. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de persoal funcionario. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do persoal funcionario.
8. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos da persoa. Igualdade. Principios reitores.

Materias específicas:

Primeira parte:

1. Regulamento de circulación e seguridade viaria. Normas xerais de comportamento na circulación.
2. A carga de vehículos. Transporte de mercancías.
3. Transporte de persoas.
4. Normas xerais dos condutores: control do vehículo e visibilidade.
5. Normas sobre bebidas alcohólicas. Normas sobre estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes ou outras substancias análogas.
6. A circulación de vehículos na vía pública.
7. A velocidade. Límites. Redución de velocidade e distancia entre vehículos.
8. Normas de prioridade de paso nas interseccións. Tramos en obras, estreitamentos e de gran pendente. Normas de comportamento das persoas condutoras respecto ás e aos ciclistas, peóns e animais.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

9. Vehículos en servizos de urxencias. Vehículos e transportes especiais.
10. Cambios de dirección e de sentido, e marcha atrás.
11. Adiantamento: normas xerais, obrigacións e prohibicións.
12. Parada e estacionamento: normas xerais e especiais.
13. Utilización da iluminación.
14. Outras normas de circulación: portas e apagado do motor.
15. Elementos de seguridade: Cinto, casco e restantes elementos de seguridade. Tempo de conducción e descanso.

Segunda parte:

16. A sinalización: normas xerais e prioridade entre sinais. Tipos e significados da sinais de circulación e marcas viarias.
17. Motor: descrición e elementos fundamentais.
18. Embrague. Finalidade, tipos e aplicacións.
19. Caixa de cambios. Tipos, características e aplicacións.
20. Elementos de tracción. Tipos, características e aplicacións.
21. Suspensión. Finalidade, tipos e aplicacións.
22. Sistema hidráulico. Características e aplicacións.
23. Sistema de freo. Compoñentes, características e aplicacións.
24. Sistema eléctrico. Definición e características.
25. Seguridade e saúde no traballo.
26. Engraxamento. Xeneralidades, clasificación, misións e sistemas.
27. Mantemento. Finalidade, operacións e obxectivos.
28. Recomendacións xerais para o manexo de máquinas de movemento de terras: orde e limpeza
29. Recomendacións xerais no uso de máquinas: recarga de combustible, equipos de protección individual.
30. Instrucións de mantemento e transporte de maquinaria.
31. Lexislación do transporte escolar. As persoas usuarias do transporte escolar. Primeiros auxilios e prevención de accidentes.
32. Situacións de emerxencia e evacuación do autobús. Seguridade activa e pasiva nos transportes escolares.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

XI. Unha praza de técnico/a de calidade, quenda libre

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de técnico/a de calidade, integrada no subgrupo C1 da escala de Administración especial, subescala técnica, clase auxiliar e dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de Ciclo Superior de análise e control de calidade ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito dous temas, que serán extraídos ao chou polo tribunal, un de cada unha das partes específicas do programa, no tempo máximo de dúas horas. Posteriormente, serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, no caso de imposibilidade, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante un tempo máximo de dúas horas. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral.

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. O acto administrativo. Concepto. Clases e elementos.
5. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.
6. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
7. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de persoal funcionario. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do persoal funcionario.
8. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos da persoa. Igualdade. Principios reitores.

Parte específica.

Primeira parte

1. Os laboratorios de sanidade vexetal en España: oficiais, autorizados e nacionais de referencia.
2. Organismos de corentena. Principais ameazas. Pragmas reglamentadas. Novo regulamento relativo a sanidade vexetal.
3. O laboratorio de diagnóstico fitopatolóxico. Actividades. Organización. Criterios de calidade.
4. Puntos críticos para a implantación e mantemento da calidade nos laboratorios de sanidade vexetal.
5. Materiais de referencia en microbioloxía. Tipos de materiais de referencia e certificación. Mantemento e control de cepas de referencia.
6. Preparación de mostras para o estudo por microscopia electrónica de organismos fitopatóxenos.
7. Técnicas de diagnóstico para a determinación de organismos fitopatóxenos nos laboratorios de sanidade vexetal.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

8. Metodoloxía para a detección e cuantificación de fungos formadores de micorrizas.
9. Metodoloxía para o estudo da eficacia in vitro de fungicidas.
10. Metodoloxía para a obtención de aceite de camellia.
11. Análises para a detección e identificación da morte súbita dos carballos baixo normas de calidade.
12. Análises para a detección e identificación do cancro dos piñeiros baixo normas de calidade.
13. Análises para a detección e identificación dos fungos responsables do bandeo dos piñeiros baixo normas de calidade.
14. Análises para a detección e identificación do cancro do castiñeiro baixo normas de calidade.
15. Análises para a detección e identificación do murchamento das flores da camellia baixo normas de calidade.
16. Análises para a detección e identificación da podremia parda das froiteiras baixo normas de calidade.

Segunda parte

1. Análises para a detección e identificación de organismos regulados mediante a metodoloxía do código de barras baixo normas de calidade.
2. Análises para a detección e identificación da podremia marrón da castaña baixo normas de calidade.
3. Análises para a detección e identificación dos fungos responsables das enfermidades da madeira da vide baixo normas de calidade.
4. Análises para a detección e identificación da tinta do castiñeiro baixo normas de calidade.
5. Análises para a detección e identificación de enfermidades fitopatóxenas transmitidas por insectos vectores baixo normas de calidade.
6. Análises para a detección e identificación da flavescentia dourada baixo normas de calidade.
7. Análises para a detección e identificación do lume bacteriano baixo normas de calidade.
8. Análises para a detección e identificación de *Ralstonia solanacearum* baixo normas de calidade.
9. Análises para a detección e identificación do cancro bacteriano do kiwi baixo normas de calidade.
10. Análises para a detección e identificación do nematodo da madeira do piñeiro baixo normas de calidade.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

11. Análises para a detección e identificación de *Xyllela fastidiosa* baixo normas de calidade.
12. Análises para a detección e identificación da virose da tristeza dos cítricos baixo normas de calidade.
13. Análises para a detección e identificación das bacterias asociadas ao Huanglongbing dos cítricos baixo normas de calidade.
14. Análises para a detección e identificación das viroses de hortícolas baixo normas de calidade.
15. Análises para a detección e identificación de nematodos formadores de quiste baixo normas de calidade.
16. Análises para a detección e identificación das viroses da vide baixo normas de calidade.

XII. Catro prazas de técnico/a de xestión de residuos, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócanse catro prazas de técnico/a de xestión de residuos, integradas no subgrupo A2 da escala de Administración especial, subescala técnica, clase media, e dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas aos postos de traballo aos que se adscriban as prazas.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de grao, diplomatura ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 80 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 80 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito dous temas, que serán extraídos ao chou polo tribunal, un de cada unha das partes específicas do programa, durante un período máximo de tres horas. Posteriormente, as persoas



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

aspirantes serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante un tempo máximo de tres horas. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. Posteriormente, e no caso de que proceda, as persoas aspirantes serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral:

1. A Constitución española de 1978: Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. Organización territorial do Estado: principios constitucionais. A Administración local. As comunidades autónomas. Os estatutos de autonomía: o seu significado. Elaboración. Contido. Reforma.
3. A Administración pública no ordenamento español. Concepto e acepcións. Elementos. Regulación. Tratamento constitucional. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas. Principios de actuación na Administración pública: consideracións previas. Enumeración e exame de cada un.
4. Sometemento da Administración pública á lei e ao dereito. As fontes do dereito público. O regulamento: concepto, fundamento, clases de regulamentos. Outras fontes do dereito administrativo: o hábito, a práctica administrativa, os principios xerais do dereito, tratados internacionais e xurisprudencia.
5. O principio de legalidade da Administración: a súa construción técnica. As potestades administrativas: concepto. A atribución de potestades. Potestades regradas e potestades discrecionais. O control da discrecionalidade: en especial, o control do fin e a desviación de poder. O principio de autotutela.
6. A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. Especialidades do procedemento en materia sancionadora. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.
7. A Lei de prevención de riscos laborais: Actuacións das administracións públicas, competencias. Dereitos e obrigas das e dos traballadores e das e dos empresarios en materia de prevención. Os servizos de prevención de riscos. Participación das persoas traballadoras.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

8. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas administracións públicas.
9. Lei de protección de datos: normativa reguladora. Dereito á protección de datos. Principios informadores. Dereitos das persoas en materia de protección de datos. Axencia Española de Protección de Datos.
10. A función pública local: Concepto de persoal funcionario. Clases de funcionariado. A organización da función pública local.
11. Dereitos e deberes do persoal funcionario público. Dereitos económicos. Réxime disciplinario.
12. O acceso electrónico da cidadanía aos servizos públicos. Normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. Sede electrónica. Identificación e autenticación. Rexistros comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

Materias específicas

Primeira parte:

13. Convenio de Basilea sobre o control dos movementos transfronteirizos de refugallos perigosos e a súa eliminación. Real Decreto 553/2020, de 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
14. Plan estatal de inspección en materia de traslados transfronteirizos de residuos 2021-2026. Inspección e autoridades competentes implicadas en materia de inspección de traslados transfronteirizos de residuos.
15. Plan de acción para a economía circular por unha Europa mais limpa e mais competitiva 2020: marco político e cadeas de valor clave dos produtos.
16. Directiva 2018/851 pola que se modifica a directiva 2008/98/CE sobre residuos. Novidades mais relevantes.
17. Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Obxectivos mais relevantes e novidades principais na xestión de residuos.
18. Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, segundo a lei 7/2022, de residuos e solo contaminados para unha economía circular.
19. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE). Normativa de aplicación.
20. Real decreto 1055/2022, del 27 de decembro, de envases y residuos de envases: Características xerais. Sistemas de depósito, devolución e retorno.
21. Real decreto 646/2020 polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
22. Real decreto 105/2008, polo que se regula a produción e a xestión dos residuos de construción e demolición: Características xerais. Categorías.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

23. Real Decreto 1619/2005, de 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fora de uso. Modificacións e características xerais. Sistemas de responsabilidade ampliada de NFU.
24. Real Decreto 265/2021, de 13 de abril, sobre os vehículos ó final da súa vida útil.
25. Xestión de lodos de depuradora EDAR. Normativa aplicable á súa aplicación en agricultura.
26. Clasificación de residuos pola súa orixe, segundo a Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular. Clasificación dos residuos segundo os códigos LER.
27. Residuos perigosos: normativa, clasificación, etiquetado e tratamento.
28. Instrumentos fiscais na xestión de residuos municipais.
29. COM(2022)141 Estratexia para a circularidade e sustentabilidade dos produtos téxtil (Pacto verde europeo). Accións principais para un sector téxtil sostible e circular. Responsabilidade ampliada do produtor e impulso da reutilización e a reciclaxe de residuos téxtil.
30. Estratexia da granxa á mesa (Pacto verde europeo). Directrices.
31. Proxecto de lei de prevención das perdas e desperdicio alimentario.
32. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. Avaliación de impacto ambiental ordinaria e simplificada.
33. Lei 6/2021, de residuos e solos contaminados de Galicia.
34. Borrador (2023) do plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030: Estrutura, directrices e obxectivos.
35. Borrador (2023) do plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030: Liñas estratéxicas para o desenvolvemento do Plan.
36. Estratexia Galega de Economía circular 2019 – 2030: Liñas estratéxicas.

Segunda parte:

37. Responsabilidade ampliada do produtor do produto. Obrigacións do produtor do produto. Constitución do sistema individual ou sistema colectivo de responsabilidade ampliada.
38. Sistema de responsabilidade ampliada ECOVIDRO. Obxectivos e sectores.
39. Sistema de responsabilidade ampliada ECOEMBES: definición, estrutura e funcionamento.
40. Sistema de responsabilidade ampliada para a xestión de envases de medicamentos e restos de medicamentos.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

41. Instrumentos da política ambiental. Definición de avaliación impacto ambiental, sistemas de xestión ambiental, ecoetiquetado e dereito de emisión.
42. Etiquetas ecolóxicas. Tipos de etiquetas.
43. Ecodeseño e análise de ciclo de vida (ACV) como estratexia para a prevención en materia de residuos.
44. Definición e aplicación de subproduto e fin de consideración de residuo.
45. Deseño dun programa de xestión de residuos municipais.
46. Modelo de xestión de residuos municipais mais estendido en Galicia. Descrición.
47. Recollida de residuos municipais: dimensionamento, comparativa entre sistemas de recollida porta a porta e contenerización.
48. Xestión intelixente dos residuos municipais: contedores intelixentes, tags, códigos QR. Posibilidades de uso.
49. Pago por xeración de residuos. Condicións mínimas, modelos e establecemento da taxa.
50. Servizo de vixilancia, inspección e control de residuos da Deputación de Pontevedra. Fundamentos e convenio.
51. Punto limpo: requisitos das instalacións, tipos de residuos que se xestionan, funcionamento.
52. Incineración de residuos municipais. Características xerais e principais tipo de fornos.
53. Factores que determinan o emprazamento dun vertedoiro. Parámetros de control do vertedoiro.
54. Cuestións básicas para o deseño dunha planta de compostaxe industrial.
55. Residuos agrogandeiros: principais fluxos de residuos no sector e problemática asociada a súa xestión.
56. Solos contaminados. Normativa que os regula, principais causas, declaración de solos contaminados, responsabilidade e recuperación.
57. Fundamentos da compostaxe. Preparación da materia orgánica biodegradable. Parámetros da descomposición. Fases da descomposición.
58. Funcionamento e mantemento dos centros de compostaxe. Importancia da figura do mestre composteiro.
59. A biometanización. Ciencia, tecnoloxía. Estratexia de aplicación.
60. Funcións da materia orgánica nos solos. Importancia dos residuos orgánicos na restauración de solos degradados.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

XIII. Unha praza de oficial/a carpinteiro/a, quenda libre.*PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS*

Convócase unha praza de oficial/a carpinteiro/a, integrada no subgrupo C2 da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, e dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Deberá terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 40 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante un tempo máximo dunha hora. Neste exercicio valorarase a aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte Xeral.

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
3. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de funcionariado. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do funcionariado.
4. A prevención de riscos laborais: Dereitos e obrigas. A Lei de protección de datos: dereitos das persoas. Lei orgánica de igualdade efectiva de mulleres e homes: Principio de igualdade e tutela contra a discriminación.

Parte específica.

1. O bosque. Aproveitamento e sustentabilidade. Tipos de bosque. Apeo e troceado de árbores.
2. A madeira. Clases de madeira. Dimensións. Clasificación. Propiedades físicas e mecánicas. Secado. Enfermidades e defectos.
3. Materiais derivados da madeira. Tipos, características e aplicacións (taboleiros, contrachapados, estratificados, aglomerados).
4. Ferramentas de man. Descrición, características e aplicacións das distintas ferramentas de man e demais utensilios que se utilizan en carpintería. Limpeza, mantemento e ordenación.
5. Maquinaria. Máquinas empregadas na fabricación, transformación e mecanizado da madeira. Tipos. Prestacións. Aplicacións. Funcionamento.
6. Instrumentos de medida, trazado e marcado de pezas e conxuntos simples en madeira para o seu mecanizado. Clases e tipos. Útiles, características e parámetros.
7. Ferraxes e accesorios en carpintería. Tipos. Aplicacións. Funcionamento e colocación (marcado, mecanizado, axuste e fixación).
8. Encolado da madeira e os seus derivados. Adhesivos. Tipos e características. Técnicas de aplicación. Máquinas e útiles.
9. Acabado e pulido da madeira. Materiais e produtos utilizados. Tipos e características. Prestacións. Métodos de aplicacións e utensilios.
10. Traballos de instalación de carpintería e moble a medida. Transporte. Operacións previas. Materiais e ferramentas básicas. Fixación de elementos.
11. Medidas de seguridade e hixiene na montaxe de mobiliario.
12. Carga, descarga e transporte de materiais, empacado e almacenamento de obxectos. Manipulación e transporte manual de mercadorías e mobiliario.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

13. Avarías e reparacións elementais nos edificios. Reparacións de emerxencia.
14. Electricidade en traballos de carpintería. Tarefas desenvolvidas. Útiles e ferramentas básicas manuais.
15. Residuos na industria da madeira. Tipos. Características. Aproveitamento. Reciclaxe.
16. Prevención de riscos laborais en traballos de carpintería: Riscos dos traballos con madeira. Medidas preventivas. Equipos de protección individual.

XIV. Unha praza de oficial/a de mantemento, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de oficial/a de mantemento, integrada no subgrupo C2 da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, e dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo ao que se adscriba a praza.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Deberá terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 40 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado coas materias contidas na parte específica



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

do programa e durante un tempo máximo de unha hora. Neste exercicio valorarase a aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte Xeral.

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
3. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de funcionariado. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do funcionariado.
4. A prevención de riscos laborais: Dereitos e obrigas. A Lei de protección de datos: dereitos das persoas. Lei orgánica de igualdade efectiva de mulleres e homes: principio de igualdade e tutela contra a discriminación.

Parte específica.

5. Nocións básicas sobre medidas de seguridade que se deben adoptar no traballo
6. Ferramentas: Instrumentos de medida e trazado. Adhesivos. Planos
7. Conceptos xerais de xardinería. Ferramentas e materiais
8. Xardinería: funcións, técnicas e tarefas; comprobacións, periodicidade e recomendacións
9. Conceptos xerais de albanelería. Ferramentas e materiais
10. Albanelería: funcións, técnicas e tarefas; comprobacións, periodicidade e recomendacións
11. Conceptos xerais de carpintería. Ferramentas e materiais
12. Carpintería: funcións, técnicas e tarefas; comprobacións, periodicidade e recomendacións
13. Conceptos xerais de pintura. Ferramentas e materiais
14. Pintura: funcións, técnicas e tarefas; comprobacións, periodicidade e recomendacións
15. Conceptos xerais de electricidade. Ferramentas e materiais
16. Electricidade: funcións, técnicas e tarefas; comprobacións, periodicidade e recomendacións
17. Conceptos xerais de fontanería. Ferramentas e materiais



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

18. Fontanería: funcións, técnicas e tarefas; comprobacións, periodicidade e recomendacións
19. Avarías e reparacións elementais nos distintos servizos dos centros. Reparacións de emerxencia
20. Carga, descarga e transporte de materiais. Empaquetado e almacenamento de obxectos. Manipulación de cargas. Prevención de riscos no almacén.

XV. Dúas prazas de oficial/a de control e vixilancia, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócanse dúas prazas de oficial/a de control e vixilancia, integradas no subgrupo C2 da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, e dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas aos postos de traballo aos que se adscriban as prazas.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Deberán terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria, regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións equivalentes, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización das seguintes probas físicas:

Primeira proba: Flexións de brazos:

	<i>Núm. de repeticións</i>
Mulleres	15
Homes	20



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

Regras: as persoas participantes para comezar coas flexións deberán colocarse no chan, en decúbito prono (ventral) ou boca abaixo, apoiando as mans xusto por debaixo dos ombros e separadas, cos pés levemente separados ou xuntos, despegando o torso do chan impulsándose cos brazos e co peito.

En ningún momento deberán levantar a cola ou quebrar a cintura para realizar a flexión. O corpo deberá mobilizarse simplemente por flexión e extensión dos brazos, dende a cabeza ata os pés. O corpo debe formar unha liña recta.

Segunda proba: Resistencia 1000 metros

Realizarase nas instalacións de atletismo da cidade de Pontevedra e será cronometrada por xuízas e xuíces da Federación Galega de Atletismo.

- **Obxectivo:**

Medir a resistencia anaeróbica

- **Descrición:**

A persoa aspirante deberase colocar a 3 metros da marca de saída. Á voz de “aos seus postos” colocaranse detrás da marca. A saída terá lugar tras o pistoletazo por parte das e dos xuíces e realizarase a partir dunha posición estática coa posibilidade de realizar a saída agachada ou agachado ou directamente de pé. En calquera caso, o pé terá que estar adiantado pero detrás da marca de saída.

O cronometro poñerase en marcha no momento da detonación e será detido cando o participante consiga a vertical co borde máis próximo da liña de meta coa súa faciana.

As quendas e o número de participantes serán os que o tribunal considere oportunos.

O grupo correrá polas estaxes 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8.

O protocolo será: “aos seus postos”, “preparados” e pistoletazo de saída.

- **Intentos:** permitirase un único intento.

- **Invalidacións**

Entenderanse como invalidacións as seguintes:

— Cando unha persoa aspirante realice dúas saídas falsas.

— Invadir unha estaxe libre ou o feito de prexudicar o avance doutra persoa participante.

— No caso de abandonar voluntariamente a pista durante a carreira, perderase a posibilidade de continuar.

- **Tempos e puntuación:**

	<i>Tempo mínimo</i>
Mulleres	4'45''00
Homes	3'38''00

As marcas estableceranse en minutos e segundos.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

Aquelas marcas que baixen do tempo mínimo puntuaranse dende “apta/o” a “10”, tal e como se amosa na táboa, cunha diferenza entre puntuacións de “8” para mulleres e “5” para homes:

<i>Tempo mulleres</i>	<i>Puntuación</i>	<i>Tempo homes</i>
4' 45" a 4'37"	1	3' 48" a 3'43"
4' 36" a 4'28"	2	3'42" a 3'37"
4' 27" a 4'19"	3	3'36" a 3'31"
4' 18" a 4'10"	4	3'30" a 3'25"
4' 09" a 4'01"	5	3'24" a 3'19"
4'00" a 3'52"	6	3'18" a 3'13"
3'51" a 3'43"	7	3'12" a 3'07"
3'42" a 3'34"	8	3'06" a 3'01"
3'33" a 3'25"	9	3'00" a 2'55"
3'24" o menos	10	2'54" o menos

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 40 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA:

Parte xeral:

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
3. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de funcionariado. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do funcionariado.
4. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo.

Parte específica:

1. Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Vixiantas e vixiantes municipais e auxiliares da policía local.
2. Control de accesos. Apertura e peche de edificios. Custodia de chaves, documentos e obxectos.
3. Control de accesos. Procedemento de actuación: identificación, autorización, tarxeta acreditativa e rexistro documental de acceso.
4. Área socioprofesional na seguridade: Identificación. Técnicas de descrición de persoas e cousas. Especial referencia neste respecto á atención, percepción e memoria.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

5. Coñecemento e manexo básico dos sistemas de seguridade de edificios e instalacións. Vixilancia e custodia interior e exterior de edificios, dependencias, oficinas e despachos.
6. Prevención de riscos laborais. Marco normativo. Medidas de prevencións de riscos laborais. Seguridade e saúde no lugar de traballo. Protección e sinalización. Situación de emerxencia.
7. Estados de ameaza: A súa detección e protocolo a seguir.
8. Control da hemorraxia. Técnicas de respiración artificial e reanimación cardiovascular. O uso do desfibrilador.
9. Protección contra incendios. Sistema de detección: detectores e avisadores. Mecanismos de extinción de incendios. Axentes extintores. Mangueriras. Extintores. Prácticas de manexo de mangueriras e extintores.
10. Atención ao público. Os servizos de atención administrativa. A notificación de actos administrativos
11. Protocolo cerimonial. Precedencia. Etiqueta e cortesía protocolaria. Actos oficiais de carácter xeral e especial. Organización dos actos oficiais de carácter xeral e especial. Preparación de visitas oficiais.
12. A protección de datos. Marco normativo. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Exercicio dos dereitos. Tratamento de datos con fins de videovixilancia.
13. Garantía dos dereitos dixitais no ámbito laboral: dereito á intimidade e uso de dispositivos dixitais no ámbito laboral; dereito á desconexión dixital no ámbito laboral; dereito á intimidade fronte ao uso de dispositivos de videovixilancia e de gravación de sons no lugar de traballo; dereito á intimidade ante a utilización de sistemas de xeolocalización no ámbito laboral.
14. Lei orgánica de igualdade efectiva de mulleres e homes: principio de igualdade e tutela contra a discriminación. Políticas contra a violencia de xénero: principios reitores.
15. Partes e funcións básicas dun ordenador. Os sistemas operativos: definición e coñecemento básico. Aplicacións informáticas: tratamento de texto, folla de cálculo, base de datos. O correo electrónico.
16. Confección de documentos e escritos. Redacción de partes diarios e incidencias: contido.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

XVI. Dúas prazas de oficial/a costureira, quenda libre.*PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS*

Convócanse dúas prazas de oficial/a costureira, integradas no subgrupo C2 da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase cometidos especiais e dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas aos postos de traballo ao que se adscriban as prazas.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Deberá terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante o tempo máximo dunha hora. Neste exercicio valorarase a aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos supostos prácticos presentados.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 40 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral:

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
3. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de funcionariado. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do funcionariado.
4. A prevención de riscos laborais: Dereitos e obrigas. A Lei de protección de datos: dereitos das persoas. Lei orgánica de igualdade efectiva de mulleres e homes: principio de igualdade e tutela contra a discriminación.

Parte específica:

1. Nocións xerais sobre corte e confección. Técnicas de corte. Tipos de costura. Instrumentos de costura. Tipos de tecidos. Estrutura e características fundamentais.
2. Preparación do traballo para costura. Tipos de puntada. Realización de operacións de reparación de pezas e tecidos polos procedementos e técnicas habituais: repaso e zurcido de prendas.
3. Acabados da confección: procesos de acabados. Acabados intermedios e finais: por grao de mecanización na súa confección, pola clase de tecido, polo tipo de prenda. Tintura e estampación. Etiquetado. Conservación.
4. Medios e recursos materiais do servizo de costura: máquina de coser, tipos, órganos operadores da máquina de coser, sistemas de arrastre.
5. Áreas organizativas do servizo de pasar o ferro e costura. Material básico desas áreas: identificación e uso. Descrición das actividades máis frecuentes. O dobrado da roupa: prendas non pasadas polo ferro e prendas pasadas polo ferro Ordenación e distribución da roupa do centro.
6. Nocións sobre o paso de ferro: útiles e accesorios, produtos e técnicas. Actuacións previas ao paso do ferro. Etiquetado de produtos téxtiles.
7. Técnicas de ensamblaxe: cosido, pegado e termoselado. Ensamblaxe a máquina ou a man de diferentes tipos de tecido segundo o modelo de patrón.
8. Tipos e clasificación das materias téxtiles. Características e propiedades físicas e químicas de cada tipo. Simbología normalizada para a identificación das fibras téxtiles. Tipoloxía e defectos máis comúns.
9. Os tecidos de calada e os tecidos e artigos de punto: Tipos, estrutura e diferencias entre eles. Defectos máis frecuentes en ambos os dous.
10. Preparación para o corte de tecidos. Formación e clasificación das puntadas: puntada manual e puntada con máquina.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

11. O uso da máquina de coser. Elementos principais. Mecanismos de arrastre e as súas funcións. Tipos de máquinas segundo a súa estrutura e órganos operadores. Mantemento preventivo.
12. As costuras. Diversidade e clasificación. Características das costuras. Importancia do fío na realización de costuras.
13. Proceso de pasar o ferro. Diferentes tipos de ferros, segundo as aplicacións. Diferenciación dos tipos de pasar o ferro. Ergonomía dos equipos de pasar o ferro. Adecuación e posta a punto dos órganos operadores dos ferros.
14. Tipos de cosido. O cosido á man: tecidos específicos que o esixen e instrumentos necesarios. O cosido á máquina: tecidos específicos e actuacións previas.
15. O paso do ferro. O paso do ferro á man: tipos de tecidos e condicionantes existentes. O paso do ferro industrial: actuacións previas e temperaturas para os distintos tecidos.
16. Prevención de riscos laborais: maquinas e ferramentas. Identificación de riscos e métodos de prevención no desempeño do traballo.

XVII. Dúas prazas de oficial/a de costura e roupeiro, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócanse dúas prazas de oficial/a de costura e roupeiro, integradas no subgrupo C2 da escala de Administración especial, subescala de servizos especiais e dotadas coas retribucións básicas correspondentes ao seu subgrupo de titulación e as complementarias asignadas aos postos de traballo ao que se adscriban as prazas.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base terceira das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

Deberá terse en conta as equivalencias nas titulacións establecidas pola normativa reguladora aplicable, entre elas, a fixada na Orde EDU/1063/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria, regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante o tempo máximo dunha hora. Neste exercicio valorarase a aplicación dos coñecementos teóricos á resolución dos supostos prácticos presentados.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 40 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral:

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.
2. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
3. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de funcionariado. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do funcionariado.
4. A prevención de riscos laborais: Dereitos e obrigas. A Lei de protección de datos: dereitos das persoas. Lei orgánica de igualdade efectiva de mulleres e homes: principio de igualdade e tutela contra a discriminación.

Parte específica:

1. Nocións xerais sobre corte e confección. Técnicas de corte. Tipos de costura. Instrumentos de costura. Tipos de tecidos. Estrutura e características fundamentais.
2. Preparación do traballo para costura. Tipos de puntada. Realización de operacións de reparación de pezas e tecidos polos procedementos e técnicas habituais: repaso e zurcido de prendas.
3. Acabados da confección: procesos de acabados. Acabados intermedios e finais: por grao de mecanización na súa confección, pola clase de tecido, polo tipo de prenda. Tintura e estampación. Etiquetado. Conservación.
4. Medios e recursos materiais do servizo de costura: máquina de coser, tipos, órganos operadores da máquina de coser, sistemas de arrastre.
5. Áreas organizativas do servizo de pasar o ferro e costura. Material básico desas áreas: identificación e uso. Descrición das actividades máis frecuentes. O dobrado da roupa:



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

- prendas non pasadas polo ferro e prendas pasadas polo ferro Ordenación e distribución da roupa do centro.
6. Nocións sobre o paso de ferro: útiles e accesorios, produtos e técnicas. Actuacións previas ao paso do ferro. Etiquetado de produtos téxtiles.
 7. Técnicas de ensamblaxe: cosido, pegado e termoselado. Ensamblaxe a máquina ou a man de diferentes tipos de tecido segundo o modelo de patrón.
 8. Prevención de riscos laborais. Normativa de prevención aplicable. Dereitos e obrigas. Plans e normas de seguridade. Identificación de riscos e métodos de prevención no desempeño do traballo.
 9. Tipos e clasificación das materias téxtiles. Características e propiedades físicas e químicas de cada tipo. Simbología normalizada para a identificación das fibras téxtiles. Tipoloxía e defectos máis comúns.
 10. Os tecidos de calada e os tecidos e artigos de punto: Tipos, estrutura e diferencias entre eles. Defectos máis frecuentes en ambos os dous.
 11. Preparación para o corte de tecidos. Formación e clasificación das puntadas: puntada manual e puntada con máquina.
 12. O uso da máquina de coser. Elementos principais. Mecanismos de arrastre e as súas funcións. Tipos de máquinas segundo a súa estrutura e órganos operadores. Mantemento preventivo.
 13. As costuras. Diversidade e clasificación. Características das costuras. Importancia do fío na realización de costuras.
 14. Proceso de pasar o ferro. Diferentes tipos de ferros, segundo as aplicacións. Diferenciación dos tipos de pasar o ferro. Ergonomía dos equipos de pasar o ferro. Adecuación e posta a punto dos órganos operadores dos ferros.
 15. Tipos de cosido. O cosido á man: tecidos específicos que o esixen e instrumentos necesarios. O cosido á máquina: tecidos específicos e actuacións previas.
 16. O paso do ferro. O paso do ferro á man: tipos de tecidos e condicionantes existentes. O paso do ferro industrial: actuacións previas e temperaturas para os distintos tecidos.

XVIII. Unha praza de operario/a, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE PRAZAS E CARACTERÍSTICAS

Convócase unha praza de operaria/o de servizos varios, integrada no grupo E da escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios e dotada coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo aos que se adscriba a praza.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais as persoas aspirantes deberán posuír o certificado de escolaridade ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito a un test de 30 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo de realización deste exercicio será de 30 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución dun suposto práctico relacionado coas materias específicas contidas no programa no tempo que marque o tribunal. Posteriormente, e no caso de que proceda, as persoas aspirantes serán convocadas polo tribunal para proceder á súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Materias xerais:

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois. Igualdade. Principios reitores.
2. A provincia. A organización provincial. Competencias. Dereitos e deberes do persoal funcionario.

Parte específica:

1. Coñecementos básicos dos traballos que realiza unha operaria ou operario ou axudante no oficio de xardinería. Descrición, características e aplicacións das distintas ferramentas de man e demais utensilios que se utilizan. Limpeza, mantemento e ordenación daquelas.
2. Coñecementos básicos dos traballos que realiza unha operaria ou operario ou axudante no oficio de pintura. Descrición, características e aplicacións das distintas ferramentas de man e demais utensilios que se utilizan. Limpeza, mantemento e ordenación daquelas.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

3. Coñecementos básicos dos traballos que realiza unha operaria ou operario ou axudante no oficio de fontanería. Descrición, características e aplicacións das distintas ferramentas de man e demais utensilios que se utilizan. Limpeza, mantemento e ordenación daquelas.
4. Coñecementos básicos dos traballos que realiza unha operaria ou operario ou axudante no oficio de carpintería. Descrición, características e aplicacións das distintas ferramentas de man e demais utensilios que se utilizan. Limpeza, mantemento e ordenación daquelas.
5. Avarías e reparacións elementais nos distintos servizos dos centros. Reparacións de emerxencia.
6. Limpeza e conservación do mobiliario. Sistemas de limpeza. Utensilios e produtos de limpeza. Características e aplicacións.
7. Empaquetado, transporte e coidados da documentación e dos libros. Desprazamentos de materiais en almacéns e arquivos.
8. Medidas de seguridade e hixiene no traballo.

XIX. Un posto de traballo de auxiliar de atención ó público do Museo, quenda libre.

PRIMEIRA. NÚMERO DE POSTOS E CARACTERÍSTICAS

Convócase un posto de traballo de auxiliar de atención ao público do Museo equivalente a praza C2, dotado coas retribucións básicas correspondentes ao seu grupo de titulación e as complementarias asignadas ao posto de traballo.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de oposición libre.

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Posuír o título de graduada ou graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo, o día en que remate o prazo de presentación de instancias.
- b) Posuír o nivel B2 de inglés ou francés.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 40 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para realizar este exercicio será de 40 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito un tema, que será extraído ao azar polo tribunal, da parte específica do programa, durante un período máximo de unha hora. Posteriormente, o tribunal convocará as persoas aspirantes para a súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en resolver un suposto práctico, relacionado coas materias contidas na parte específica do programa e durante o tempo que determine o tribunal. Posteriormente, e no caso de que proceda, o tribunal convocará as persoas aspirantes para súa lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

CUARTO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal

No caso de non achegar a acreditación de coñecemento da lingua galega coa solicitude de participación no proceso selectivo, poderá presentala ata a data que determine o tribunal no anuncio do exercicio inmediatamente anterior.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA (A NORMATIVA DE REFERENCIA SERÁ A VIXENTE NA DATA DE PUBLICACIÓN DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO BOPPO)

Materias xerais:

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais das e dos españois.
2. A provincia. Concepto e caracteres. A organización provincial. Competencias.
3. A función pública local. Concepto de persoal funcionario. Clases de persoal funcionario. A organización da función pública local. Dereitos e deberes do persoal funcionario.
4. Prevención de riscos laborais. Dereitos e obrigas. Protección de datos. Principios e dereitos da persoa. Igualdade. Principios reitores.

Materias específicas:

1. O concepto de museo: tipoloxías.
2. Estrutura do museo: seccións e unidades que o compoñen.



Mércores, 17 de abril de 2024

Núm. 75

3. Historia do Museo de Pontevedra. Os edificios do museo.
4. Salas de arqueoloxía: distribución e características xerais das coleccións de prehistoria e Antigüidade.
5. A arte medieval no museo: distribución e características xerais.
6. Do Renacemento ao Neoclasicismo nas coleccións do museo: distribución e características xerais.
7. A arte do século XIX no museo: distribución e características xerais.
8. A arte do século XX no museo: distribución e características xerais.
9. As artes decorativas no museo: distribución e características xerais.
10. Biblioteca: características, horario e servizos. Arquivo gráfico e documental: funcións e servizos. Departamento de Educación: funcións e servizos.
11. Públicos do museo: definición e tipos.
12. A Sede electrónica da Deputación de Pontevedra: acceso e servizos.
13. Acollida e información á/ao administrada/o (Real decreto 208/1996, de 9 de febreiro). As funcións de atención á cidadanía (artigo 4 do Real decreto 208/1996, de 9 de febreiro).
14. Atención presencial. Atención telefónica. Asertividade, xestión emocional e resolución de conflitos.
15. Atención inclusiva: linguaxe respectuosa e non sexista. A linguaxe inclusiva na Administración.
16. Xestión de reclamacións, suxestións, queixas e solicitudes.

Asinado dixitalmente na marxe.

